206	Q Pro, Tecnología Informática.	B15425804	Alquiler de equipos para procesos de información	Factura	03-09-2018	V 1801542	57,48	10-09-2018
226.06	Comunicopy S.L.	B15774813	Publicidade e propaganda	Factura	14-09-2018	C/11646	26,00	04-10-2018
226.06	Comunicopy S.L.	B15774813	Publicidade e propaganda	Factura	18-09-2018	C/11654	25,00	04-10-2018
	Caixa Rural Galega	F-27005164	Taxa por transferencia				0,30	
206	Q Pro, Tecnología Informática.	B15425804	Alquiler de equipos para procesos de información	Factura	01-10-2018	V 1801678	57,48	10-10-2018

TOTAL: 3.746,42



IMPORTANTE:

1. As liñas na táboa deberán ir ordenadas por orde cronolóxico da data do pago, primeiro os máis antigos.
2. A presente relación de gastos xustifícase coa seguinte documentación:
 - 2.1. Por cada liña da relación, incorporárase ao expediente un documento individual (factura ou documento equivalente que recolla a imaxe do xustificante), por orde cronolóxico da data do pago, primeiro os máis antigos. O nome ou asunto do documento atenderase ao esquema “Xustificante DATA DO PAGO – NÚMERO”, correspondentes as columnas da relación.
 - 2.2. Relación certificada da totalidade dos movementos da conta bancaria destinada a recoller os cobros/pagos do grupo político no período de referencia.



**INFORME SOBRE A CONTRATACIÓN DUN TRABALLO
DEMOSCÓPICO POR PARTE DO GRUPO PROVINCIAL DE
MAREA ATLÁNTICA**



O seguinte informe xustificativo contén o proceso de escolla e motivación da contratación da empresa EDESGA SL por parte do Grupo Provincial da Marea Atlántica para a realización dun traballo demoscópico sobre a súa actuación na Deputación Provincial da Coruña.

1.- MOTIVACIÓN DO TRABALLO.

O Grupo Político Provincial de Marea Atlántica vén de solicitar a distintas empresas do ámbito da demoscopia orzamentos para unha enquisa sobre a súa iniciativa política no ámbito metropolitano e as posibilidades de proxección da formación neste.

O traballo consistiría na realización de, polo menos, medio millar de enquisas a realizar nos Concellos de Culleredo, Cambre, Carral, Oleiros, Arteixo e Cerceda, non así na cidade da Coruña, dado que nesta a percepción xa é coñecida por estudos publicados por medios de comunicación.

O obxectivo sería coñecer a valoración da iniciativa política do Grupo Provincial, a da iniciativa política do resto de grupos políticos representados e a valoración da acción de goberno.

O Grupo Político Provincial da Marea Atlántica quere ter coñecemento sobre as seguintes materias de cara a seguir orientando a súa acción institucional:

- Valoración da representación de Marea Atlántica na Deputación Provincial da Coruña. No presente mandato, o Grupo Provincial de Marea Atlántica vén prestando apoio ás actuacións do goberno provincial, dando soporte á súa iniciativa e, concretamente, á súa perspectiva sobre as actuacións levadas a cabo en termos de infraestruturas na comarca da Coruña.

- Valoración da iniciativa política do Grupo Provincial da Marea Atlántica. No presente mandato o Grupo Provincial ten instado ao goberno provincial á elaboración dunha axenda política que trascende ao traballo que viña sendo habitual na Deputación, instándoo a acometer reformas na institución para achegala á cidadanía, a tomar unha posición activa na defensa do benestar animal ou a fomentar políticas de participación cidadá en cada un dos Concellos. Quérese indagar sobre o recoñecemento que existe sobre o protagonismo do Grupo Provincial de Marea Atlántica sobre os avances en transparencia institucional, iniciativas pola inclusión de medidas sociais no clausulado de contratación e a súa influencia sobre a economía no territorio provincial, así como a constante demanda de maior participación cidadá na definición das políticas públicas provinciais.



- Coñecemento e valoración das deputadas e do deputado provincial. Estudo tanto cualitativo como cuantitativo do nivel de coñecemento e valoración do seu traballo das persoas que conforman o grupo para indagar sobre se o seu coñecemento tanto persoal como da súa labor como deputadas e deputado provinciais.
- Coñecemento sobre as vías de acceso á información sobre a actividade do Grupo Provincial. Estudo sobre os medios que emprega a cidadanía para coñecer a actividade do Grupo Político Provincial, se recorre á información directa ou privada para coñecer as actuacións deste.
- Coñecemento sobre as vías para dotar de iniciativa política ao Grupo Provincial. Estudos sobre o coñecemento e valoración sobre os medios que o Grupo Político Provincial ten disposto para a recepción de consultas, propostas e iniciativas políticas por parte da cidadanía.



2.- PROCESO DE SELECCIÓN DA EMPRESA.

En virtude da autonomía sobre o destino da asignación a Grupos Provinciais recollida na base 64^a do orzamento provincial, o Grupo Provincial de Marea Atlántica toma a decisión de contratar unha asistencia técnica para coñecer as percepcións que existen sobre o seu traballo institucional e as súas perspectivas.

Para o proceso de selección da empresa, e en cumprimento da base 68.10 do orzamento en vigor da Deputación Provincial da Coruña, que ando o contrato formalizado polo grupo supere o importe disposto no artigo 138.3 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público (Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro) (contratos menores) terá que acreditar solicitar polo menos tres ofertas de distintos contratistas. En función disto e en previsión, por traballos realizados previamente, de que o importe do traballo foise moito maior realízase contacto con tres empresas, ás que lles é solicitado o seguinte:

Gustaríanos que nos remitisen un orzamento para a realización dun traballo de investigación sobre a iniciativa política do Grupo Provincial, incluíndo a valoración das persoas que o conforman

Estas serían as características do traballo que desexamos contratar:

- Un estudo que misture metodoloxías cualitativas e cuantitativas.
- Polo menos a 500 persoas, para que este poda ser considerado significativo.
- Vía telefónica.
- Nos Concellos de Culleredo, Arteixo, Cambre, Carral, Oleiros e Cerceda.



3.- EMPRESAS CONTACTADAS.

As seguintes empresas foron contactadas:

a) EDESGA SL.

A empresa EDESGA SL, radicada na Coruña, que realizou un traballo para este mesmo Grupo Provincial no ano 2016, é unha empresa adicada aos seguintes traballos:

- Estudos sociais.
- Estudos de mercado.
- Formación especializada.
- Análisis cuantitativo e cualitativo.
- Proxectos europeos.
- Xestión de subvencións.

Como recolle a súa web¹, a súa carta de clientes está formada basicamente por administracións públicas na Comunidade Autónoma de Galicia e Universidades.

b) IDEARA SL.

A empresa IDEARA SL, radicada en Vigo, é unha empresa adicada, segundo se define na súa páxina web², aos seguintes traballos:

Experiencia en la recogida y análisis de datos. Aporta a sus clientes asesoramiento sobre sus necesidades de investigación desarrollando estudios personalizados y diseñando soluciones aplicables.

Red de campo propia. Procesa datos de las organizaciones con las que trabaja, organiza grupos de discusión, grupos creativos o de test de productos y campañas, realiza entrevistas en profundidad, observación participante y desk research.

1 <http://www.edesga.com/gl/edesga-galicia/>

2 <https://idearainvestigacion.es/#>



Evaluación de necesidades para desarrollar la herramienta de investigación que mejor se adapte a cada caso. A lo largo de estos años ha ido innovando y utilizando nuevas técnicas que han permitido ofrecer soluciones más eficientes y variadas.

Expertos en el análisis estadístico y de contenidos.

Como recolle a súa web, a súa carta de clientes está formada basicamente por administracións públicas, diversas Consellerías da Xunta de Galicia, dúas Comunidades Autónomas e organismos diversos, incluíndo tamén entre a súa carta de clientes á Deputación Provincial da Coruña.

c) CIDADANÍA, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA.

A empresa Cidadanía SCG, radicada en Santiago de Compostela, é unha empresa adicada, segundo se define na súa páxina web³, aos seguintes traballos:

Cidadanía conta cunha ampla experiencia na análise, planificación, seguimento e avaliación de estratexias, plans, programas ou actuacións realizadas desde diferentes administracións públicas. Temos traballado con administracións autonómicas e locais, entidades xestoras de programas europeos, así como colectivos e asociacións de diferentes ámbitos.

Avaliamos a utilidade, eficacia e eficiencia das actuacións públicas tendo en conta criterios que redunden en beneficio dos colectivos implicados e da mellora do funcionamento das entidades e institucións.

Como recolle a súa web, a súa carta de clientes está formada basicamente por cinco grupos de contratistas: administración e institucións autonómicas, administración local, incluíndonesta á Deputación Provincial da Coruña, universidades e centros de formación, entidades de economía social e empresas de consultoría e investigación

3 <http://cidadania.coop/consultoria/>



4.- OFERTAS RECIBIDAS.

A seguir recóllense as ofertas presentadas por cada unha das empresas:

a) EDESGA SL.

Orzamento	
Bloque xeral (IVE non incluído)	8.800,00 €
INCLÚE: Realización de 570 enquisas telefónicas Análise estatísticas da información Análise cualitativa da información Redacción de informes de resultados	

b) IDEARA SL.

2. PLAZO DE EJECUCIÓN

3 semanas desde a aprobación do cuestionario por parte do cliente.

3. ORZAMENTO

Importe total	6.100,00 € + IVA
---------------	------------------

4. FACTURACIÓN

IDEARA facturará o importe correspondente ao 35% do importe total do contrato no momento da aceptación do pedido, esta primeira factura será abonada polo cliente nun prazo máximo de 7 días desde a súa data de emisión.

IDEARA emitirá una segunda e última factura correspondente ao 65% do importe total do contrato no momento no que entregue ao cliente o informe final de resultados. O pago da factura realizarase nun prazo máximo de 30 días desde a de emisión da mesma.



c) CIDADANÍA, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA.

	Importe (€)
Prezo sen IVE	12.310,00
IVE (21%)	2.585,10
Prezo con IVE	14.895,10

O orzamento indicado ten unha validez de 3 meses.



5.- OFERTA SELECCIONADA.

En reunión celebrada o pasado 9 de novembro de 2018, o Grupo Provincial de Marea Atlántica toma a decisión de adxudicar este traballo á empresa EDESGA S.L. polos seguintes motivos:

- A oferta realizada pola empresa EDESGA S.L. ten un valor de mercado axustado e asequible. Supón un valor central entre as tres ofertas presentes e percíbese como unha oferta acaída, dada a marxe económica que manexa o Grupo Provincial e que ademais se axusta á solicitude, sen supoñer maior nin menor número de prestacións que o resto de ofertas.

- A experiencia no traballo con esta empresa, no ano 2016, foi positiva, como así se fixo constar na documentación remitida no seu día ao servizo de intervención. Ás tres empresas convocadas foilles solicitado o mesmo traballo, como así acredita a documentación anexa a este informe, pero só cunha delas existía experiencia previa e un coñecemento sobre a aplicación que facían dos distintos métodos de investigación.

- O terceiro dos criterios fundamentais para a súa escolla foi a confianza na empresa no que ten que ver coa confidencialidade do traballo a realizar. O feito de que ningún destes datos poda ser filtrado a medios de comunicación é un feito relevante pola trascendencia dos contidos. O feito de ter traballado xa previamente con esta empresa reforza este criterio.



Investigando irás más allá, te adelantarás a los acontecimientos, innovarás más fácilmente



Cliente:

GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL MAREA ATLÁNTICA

Att. Daniel Rodríguez

grupo.mareatlantica@dacoruna.gal

1. SERVICIO A PRESTAR

Realización dun estudo sobre a percepción da actividade do Grupo Provincial de Marea Atlántica da Coruña e das persoas que o conforman.

O ámbito territorial do estudo son os concellos de Culleredo, Arteixo, Cambre, Carral, Oleiros e Cerceda.

Obxectivos:

- Valoración sobre o acceso á información do grupo político.
- Coñecer o impacto e valoración das súas iniciativas políticas.
- Medir o recoñecemento e valoración dos membros máis destacados.
- Compilar demandas ou propostas da cidadanía.

Para elo deséñase unha metodoloxía de investigación baseada en:





Unha enquisa telefónica asistida por ordenador (CATI), chamando aleatoriamente a fogares no territorio de referencia e entrevistando a residentes que teñan cumpridos os 18 anos.

As características técnicas da enquisa serían:

Universo, definición	Poboación de 18 ou máis anos residente en Culleredo, Arteixo, Cambre, Carral, Oleiros e Cerceda.
Selección de unidade informante	Selección aleatoria simple escollendo ao chou un membro do fogar contactado
Mostra	495 enquisas. Mostra aleatoria estratificada: distribúese a mostra establecéndose segmentos con idéntico marxe de erro en cada concello. O control de calidade da mostra esixe establecer cotas por xénero e idade, proporcionais á poboación de cada municipio
Marxe de erro	4,4% de marxe de erro para a mostra total cun nivel de confianza del 95%. Estimando a hipótese máis desfavorable de variabilidade: $p=q=0,5$. Para cada concello establecerase un marxe de erro inferior ao 11%
Control de calidade	Gravación de entrevistas e depuración controlando veracidade
Medios	Tecnoloxía CATI que automatiza rechamadas e axendas, xestión de usuarios e recepción de chamadas devoltas. Establecerá protocolo de "Non Contesta" mínimo para descartar contactos para acceder aleatoriamente á poboación.

O cuestionario:

- Composto maioritariamente pregunta pechadas, incluíndo variables de clasificación que permitirán desagregar os resultados globais como mínimo por xénero, idade, zona de residencia, ocupación, hábitat rural ou urbano e nivel educativo.
- Indicadores de valoración mediante escalas de 1 a 10 ou 1 a 7, todas con identificación textual de intensidade: totalmente, moito, bastante, pouco, nado ou Excelente, moi ben, ben, etc.
- O recoñecemento mídese de forma espontánea (sen facilitar información) e suxerida (mencionando aos integrantes explicitamente). Isto aplícase tanto aos integrantes do grupo como ás medidas e iniciativas desenvolvidas.
- Pregunta aberta: suxestións, opinións e necesidades de mellora.

Análise estatístico:

- Presentarase os resultados en porcentaxes. Aplícase unha ponderación cando se tratan varios concellos porque a mostra non é proporcional.
- Crúzanse e analízanse os datos polas segmentación contidas no cuestionario, indicando se as diferenzas entre grupos son estatisticamente significativas.
- Gráficas para todos os datos, tanto para variables globais como segmentación e cruces.
- Identificación de perfís de poboación nos que o grupo é mais ou menos coñecido, valorado ou apoiado.





- Conclusións: identificación das áreas e propostas de maior impacto e relevancia pública.

Resultados:

- Presentación Power Point con contidos gráficos e comentarios dos datos máis destacados (15-20 diapositivas).

2. PLAZO DE EJECUCIÓN

3 semanas desde a aprobación do cuestionario por parte do cliente.

3. ORZAMENTO

Importe total	6.100,00 € + IVA
---------------	------------------

4. FACTURACIÓN

IDEARA facturará o importe correspondente ao 35% do importe total do contrato no momento da aceptación do pedido, esta primeira factura será abonada polo cliente nun prazo máximo de 7 días desde a súa data de emisión.

IDEARA emitirá una segunda e última factura correspondente ao 65% do importe total do contrato no momento no que entregue ao cliente o informe final de resultados. O pago da factura realizarase nun prazo máximo de 30 días desde a de emisión da mesma.

En Vigo a 22/10/2018

BUSTELO
RIAL ARTURO
- 78787213T

Firmado digitalmente
por BUSTELO RIAL
ARTURO - 78787213T
Fecha: 2018.10.22
17:42:20 +02'00'

Arturo Bustelo Rial
IDEARA SL





PROXECTO

«ENQUISA SOBRE A ACTIVIDADE INSTITUCIONAL DA MAREA ATLÁNTICA»



.....

Setembro 2018



Tarefas a realizar

Realización dun estudo para coñecer actitudes, opinións e valoración da cidadanía con respecto á labor e políticas do Grupo Provincial da Marea Atlántica

En concreto, o traballo a realizar sería:

- Elaboración de cuestionario
- Realización de enquisa telefónica representativa.
- Realización de estudo cualitativo.
- Análise da información e redacción de informes de resultados.

Metodoloxía proposta

Realizaríase unha **ENQUISA** duns 10 minutos de duración máxima para un total de **570 cuestionarios** estratificados por idade, sexo e concello de residencia, o cal implica un erro de mostraxe do 4,4% e un nivel de confianza do 95% (para o suposto de $p=q$).

As temáticas a tratar serán, por exemplo:

- Percepción da situación política e económica provincial
- Acceso á información sobre o traballo desenvolvido polo Grupo Provincial da Marea Atlántica.
- Grao de coñecemento e valoración de políticas públicas levadas a cabo polo Grupo Provincial da Marea Atlántica.
- Valoración específica doutros aspectos de interese. Por exemplo:
 - Transporte
 - Sanidade
 - Educación
 - Infraestruturas
 - Servizos
 - Etc.
- Valoración das persoas que conforman o Grupo Provincial.
- Demandas e problemáticas percibidas.

Incorporaranse diversas preguntas abertas que serán analizadas dende un punto de vista cualitativo.

CÁLCULO MOSTRA:

	Arteixo	Cambre	Carral	Culleredo	Oleiros	Cerceda	TOTAL
Poboación	25827	20085	5262	24377	28901	5318	109770
%	23,5	18,3	4,8	22,2	26,3	4,8	100
Enquisas	134	104	27	127	150	28	570



Orzamento

Bloque xeral
(IVE non incluído)

8.800,00 €

INCLÚE:

- Realización de 570 enquisas telefónicas
- Análise estatísticas da información
- Análise cualitativa da información
- Redacción de informes de resultados



ALGO MÁIS SOBRE NÓS

Experiencia e proxectos

- Dende o ano 2006, en **edesga** levamos realizando proxectos en todo o territorio galego centrados nas nosas distintas liñas de traballo:
 - Estudos Sociais
 - Estudos comerciais e de mercado, márketing
 - Análise estatística
 - Promoción turística
- Dentro do ámbito dos **estudos sociais e de mercado**, indicamos algúns dos nosos traballos realizados previamente:
 - Análise Sociopolítica (enquisas, diagnoses e plans de márketing político)
 - Estudos de opinión e de mercado (test de marca, valoración de servizos, etc.)
 - Estudos de satisfacción de clientes / usuarios
 - Hábitos de compra (alimentación, centros comerciais, empresas de servizos, etc.)
 - Estudos de viabilidade comercial e Plans estratéxicos (municipios, entidades públicas y privadas...)
 - Mystery shopper (alimentación, servizos, saúde centros deportivos, entidades financeiras, etc.)
 - Hall-test productos (alimentación, centros deportivos, etc.)

Estrutura

- En **edesga** dispoñemos de:
 - Oficinas na Coruña
 - Rede de campo propia a nivel galego (cuantitativa e cualitativa)
 - Rede de colaboración multidisciplinar
 - Salas equipadas para a realización de grupos de discusión, entrevistas en profundidade, etc.
 - Sistemas de análise e tratamento de datos

Contacto

- Para poñerte en contacto connosco:



EDESQA

Telf. / Fax: 881,927,901

edesga@edesga.com


R. Monte das Moas, 15. Ent. 2.

15009 - A Coruña

- Para máis información, a nosa web www.edesga.com ou os nosos perfís en Facebook  e Linkedin 



www.edesga.com
881.927.901 / edesga@edesga.com
R. Monte das Moas, 15. Ent. 2





Estudo da percepción da iniciativa política do Grupo Provincial de Marea Atlántica

Orzamento



Cidadanía, S. Coop. Galega
Corredoira das Fraguas, 5, 1º Esq.
15703 Santiago de Compostela
www.cidadania.coop



1. Actividades

- Elaboración de cuestionarios, guieiros e material de apoio.
- Realización de tres grupos de discusión de entre 8 e 10 persoas seleccionados entre cidadáns dos concellos de Culleredo, Arteixo, Cambre, Carral, Oleiros e Cerceda.
- Selección e gratificación dos participantes nos grupos de discusión.
- Realización dunha enquisa telefónica a unha mostra representativa de 600 persoas dos concellos de Culleredo, Arteixo, Cambre, Carral, Oleiros e Cerceda.
- Análise da información cuantitativa e cualitativa.
- Realización do informe de resultados.

Nas actividades van incluídas todas aquelas tarefas de xestión necesarias para a súa consecución (aluguer de espazos, gratificación participantes dos grupos de discusión, selección e formación de entrevistadores, etc).

2. Cronograma

	2019												
	Xaneiro				Febreiro				Marzo				
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	
1. Delimitación mostra e perfís grupos	●												
2. Deseño formulario e guieiros	●	●											
3. Selección persoas grupos de discusión			●	●									
4. Realización do traballo de campo telefónico (600 entrevistas)				●	●	●							
5. Realización dos grupos de discusión (3)				●	●								
6. Análise da información						●	●						
7. Informe de resultados								●	●	●			

Este cronograma é orientativo, as datas finais das actividades e tempos de realización poden variar en función do alcance e contido final do estudo.



3. Orzamento

	Importe (€)
Prezo sen IVE	12.310,00
IVE (21%)	2.585,10
Prezo con IVE	14.895,10

O orzamento indicado ten unha validez de 3 meses.



Cidadanía, S. Coop. Galega
Corredoira das Fraguas, 5, 1º Esq.
15703 Santiago de Compostela
www.cidadania.coop



INTERVENCION XERAL

Expediente: 201800000192

Interesado: (V70462486) GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL MAREA ATLÁNTICA

Asunto: Informe fiscal de pago da segunda xustificación 2018 (terceiro pago). (Do 23 de abril de 2018 ao 10/10/2018).

Órgano Competente: Presidente da Corporación

INFORME

I.- CONSIDERACIÓNS PREVIAS.

O presente informe emítese en exercicio da función de fiscalización a que se refire o artigo 92.3.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, e demais normas concordantes.

Ao propio tempo ten por obxecto dar cumprimento ao establecido na Base 33 e na regra 15ª da Base 64 de Execución do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2018.

II.- NORMAS DE APLICACIÓN.

Os Grupos Políticos das Corporacións Locais están regulados nas seguintes normas:

- O artigo 73 da Lei reguladora das bases de réxime local
- Os artigos 23 a 29 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado polo Real decreto 2.568/1986, do 28 de novembro.
- Os artigos 74 a 79 da Lei 5/1197, do 22 de xullo, de administración local de Galicia refírense aos Grupos Políticos Municipais, sen que nesta norma se recolla ningún precepto específico sobre os Grupos Políticos Provinciais.
- Os artigos 22 a 28 do Regulamento orgánico da Deputación provincial da Coruña, aprobado en sesión do 3 de febreiro de 1989
- A Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento de partidos políticos.
- A Lei 9/2015, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, de Galicia.

Ao propio tempo hai que significar que o artigo 4 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, exclúe do seu ámbito de aplicación obxectivo estas asignacións. Si resulta de aplicación en cambio, a normativa reguladora do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia.

Na Deputación provincial da Coruña desenvólvese o réxime xurídico de aplicación a través da Base 64 de Execución do Orzamento Provincial do exercicio 2018.



III.- ANTECEDENTES.

Ao amparo da previsión contida no artigo 73.3 da LRBR e en aplicación do disposto na Base 64 de Execución do Orzamento Provincial, o presidente da Corporación ditou a Resolución número 1799, do 17 de xaneiro de 2018, na que, entre outros puntos, se ordenaba o pago de 4.350,00 € a favor do Grupo Político Provincial MAREA ATLÁNTICA, NIF: V70462486, para o seu ingreso na conta bancaria establecida expresamente para este fin.

O 23 de abril de 2018 presentouse na Intervención provincial, para a emisión do preceptivo informe, o escrito do portavoz do Grupo Político citado, o deputado provincial Don Daniel Díaz Grandío, que se modifica con outro escrito que se presenta o 9 de maio de 2018 aos que acompaña un estado do movemento da conta bancaria do período comprendido entre o 2 de xaneiro de 2018 e o 24 de abril de 2018 e a documentación xustificativa dos gastos e pagos efectuados. Nesta primeira xustificación o importe xustificado ascendía a 1.751,87 €.

O 9 de novembro de 2018 presentouse na Intervención provincial, para a emisión do preceptivo informe, o escrito do portavoz do Grupo Político citado, o deputado provincial Don Daniel Díaz Grandío, ao que acompaña un estado do movemento da conta bancaria do período comprendido entre o 23 de abril de 2018 e o 10 de outubro de 2018 e a documentación xustificativa dos gastos e pagos efectuados. Nesta segunda xustificación o importe xustificado ascende a 3.746,42 €.

IV.- CONSIDERACIÓN PARTICULARES

A documentación presentada require as seguintes consideracións:

- O extracto bancario achegado recolle a totalidade do movemento da conta en que se efectuou o ingreso da asignación provincial, no período comprendido entre o 23 de abril de 2018 e o 10 de outubro de 2018.
- O importe total dos gastos efectuados e acreditados documentalmente, ascenden a 3.746,42 €. e corresponden aos seguintes conceptos:

ECONÓMICO	CONCEPTO	TERCERO	NÚM. DE FACTURA	FECHA CARGO BANCARIO	Importe	% S/Total
206	Alquiler de equipos para procesos de información	Q PRO TECNOLOGÍA INFORMÁTICA S.L.	V1800764	10/05/2018	57,48	1,53
		Q PRO TECNOLOGÍA INFORMÁTICA S.L.	V 1800993	11/06/2018	57,48	1,53
		Q PRO TECNOLOGÍA INFORMÁTICA S.L.	V 1801219	10/07/2018	57,48	1,53
		Q PRO TECNOLOGÍA INFORMÁTICA S.L.	V 1801392	10/08/2018	57,48	1,53
		Q PRO TECNOLOGÍA INFORMÁTICA S.L.	V 1801542	10/09/2018	57,48	1,53
		Q PRO TECNOLOGÍA INFORMÁTICA S.L.	V 1801678	10/10/2018	57,48	1,53
222	Comunicación(todos los subconceptos)	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.L.	R22004676739	30/04/2018	33,00	0,88
		R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.L.	R2200495800 3	01/06/2018	33,00	0,88
		R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.L.	R2200523951 4	29/06/2018	33,00	0,88
		R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.L.	R2200552008 7	31/07/2018	20,16	0,54
		Antía García Sendón	2018/2	26/06/2018	834,90	22,29
		Comisión bancaria			0,30	0,01



ECONÓMICO	CONCEPTO	TERCERO	NÚM. DE FACTURA	FECHA CARGO BANCARIO	Importe	% S/Total
223	Transportes	IBERIA LAE SA Operadora Unipersonal	075-2377063417	15/05/2018	184,37	4,92
		Comisión bancaria			0,30	0,01
		IBERIA LAE SA Operadora Unipersonal	075-2377049338	15/05/2018	184,37	4,92
		Comisión bancaria			0,30	0,01
		Air Europa Líneas Aéreas S.A.U	RF/26233	25/05/2018	302,37	8,07
		Comisión bancaria			0,30	0,01
		Air Europa Líneas Aéreas S.A.U	RF/26237	25/05/2018	302,37	8,07
		Comisión bancaria			0,30	0,01
		RENFE VIAJEROS SME, S.A.	VJ0000005878141	10/07/2018	36,40	0,97
		RENFE VIAJEROS SME, S.A.	VJ0000005878149	10/07/2018	46,25	1,23
		Comisión bancaria		10/07/2018	0,30	0,01
		RENFE VIAJEROS SME, S.A.	VJ0000005878144	10/07/2018	36,40	0,97
		RENFE VIAJEROS SME, S.A.	VJ0000005878150	10/07/2018	44,80	1,20
		Comisión bancaria		10/07/2018	0,30	0,01
		22602	Publicidad y Propaganda	RADIO CORUÑA S.L.	01 - 000312	29/08/2018
Comisión bancaria				0,30	0,01	
RADIO CORUÑA S.L.	01 - 000392				544,50	14,53
COMUNICOPY S.L.	C/11215			30/04/2018	125,00	3,34
Comisión bancaria					0,30	0,01
COMUNICOPY S.L.	C/11293			22/05/2018	316,50	8,45
Comisión bancaria					0,30	0,01
COMUNICOPY S.L.	C/11368			12/06/2018	48,35	1,29
COMUNICOPY S.L.	C/11646			01/10/2018	26,00	0,69
COMUNICOPY S.L.	C/11654			01/10/2018	25,00	0,67
Comisión bancaria			0,30	0,01		
22601	Reuniones y conferencias	Hotel Maycar Manolo, Carmen e Hijos SA.	456629	14/05/2018	40,00	1,07
TOTAL					3.746,42	100,00

- Todos os pagos realizados foron efectuados a través de movementos bancarios e están xustificadas coa documentación requirida: facturas expedidas ao Grupo Provincial e acreditación de que se refiren a encomendas do Grupo Político Provincial Marea Atlántica.
- O importe anticipado no segundo pago de 2018 ao Grupo Provincial foi de 4.350,00 € e o importe dos gastos xustificadas neste período ascenden a 3.746,42 €.

V.- CONCLUSIÓN.

De conformidade co exposto fiscalízase de conformidade a documentación xustificativa presentada polos gastos e pagos acreditados no período do 23 de abril de 2018 e o 10 de outubro de 2018., polo Grupo Político Provincial MAREA ATLÁNTICA, NIF: V70462486 que ascende ao importe total de 3.746,42 €, ao cumprir formalmente todos os requisitos esixidos.




O resumo final da actividade realizada responde o seguinte detalle:

0.-Importe anual		17.400,00
I.- Importe trimestral da asignación		4.350,00
II.-Importe total xustificado: 1ª xustificación		1.751,87
III.-Importe reposición por gastos xustificados	1ª xustificación	1.751,87
	2ª xustificación	3.746,42
	Total xustificado:	5.498,29
IV.- Importe anticipado seguinte período		4.350,00
V.- Importe disponible= Total anual-Total xustificado		11.901,71

Polo tanto procede facer efectivo o importe de 3.746,42 € que resulta dos xustificantes achegados para atender os gastos que orixinou a actividade de Grupo Político Provincial MAREA ATLÁNTICA no segundo período que se xustifica do 2018 (terceiro pago). O importe referido pode facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0000/912.02/480 na que existe crédito dispoñible suficiente para tal fin, tal e como se acredita no documento contable de Retención de Crédito que se acompaña ao presente informe.

O importe da asignación correspondente ao seguinte período do exercicio 2018, ten o carácter de “pago a xustificar” na coantía e condicións establecidas na Base 64 do exercicio orzamentario.

Finalmente, o importe indicado debe ingresarse na conta designada para o efecto na Abanca, IBAN: ES41 3070 0044 5061 5488 9726.



RC

Clave operación **100**
Signo **0**

CONTABILIDAD DEL
PRESUPUESTO DE GASTOS

RETENCIÓN DE CRÉDITO

PRESUPUESTO CORRIENTE

Nº. Op.Anterior:
Nº. Expediente: **2018000000192**
Aplicaciones: **1**
Oficina
Ejercicio: **2018**

Presupuesto **2018**

Orgánica	Programa	Económica:	Referencia	Importe EUROS	PGCP
0000	91202	480	22018008511	3.746,42	
Transf. a familias e instit. SFL- Grupos políticos prov.					

Importe	Importe EUROS
TRES MIL SETECIENTOS CUARENTA Y SEIS EUROS CON CUARENTA Y DOS CENTIMOS .	3.746,42

Código de Gasto/Proyecto:

Interesado: **V70462486 GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAREA ATLANTICA**
Ordinal Bancario

Texto libre
REPOSICIÓN ASIGNACIÓN BASE 64ª POR GASTOS PERIODO 23 /04/2018 AL 10/10/2018

CERTIFICO: Que para la(s) aplicación(es) que figura(n) en este documento (o su anexo), existe Saldo de Crédito Disponible, quedando retenido el importe que se reseña.

Nº. Operación: **220180041145**

Sentado en Libro Diario de
Contabilidad Presupuestaria con
Fecha **16/11/2018**



INTERVENCION XERAL

Expediente: 201800000192

Interesado: (V70462486) GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL MAREA ATLÁNTICA

Asunto: Informe fiscal de pago da segunda xustificación 2018. (Do 23 de abril de 2018 ao 10 de outubro de 2018).

Órgano Competente: Presidente da Corporación

- De acordo con la Base 64ª la presente asignación trimestral tiene naturaleza de **pago a justificar**, exigiéndose la justificación documental de los fondos recibidos en el período anterior para librar los siguientes pagos periódicos.
- El abono deberá efectuarse en la cuenta del Grupo Provincial Marea Atlántica (NIF V70462486) **número ES41 3070 0044 5061 5488 9726**.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

PRESIDENCIA

Expediente: 2018000000192

Resolución pola que se aproba a segunda xustificación de gastos do exercicio 2018 do Grupo Político Provincial MAREA ATLÁNTICA .

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número 246 do 29 de decembro de 2017 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2018 e as bases para a súa execución.

A número 64 das bases de execución regulamenta a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local e fixa para o grupo político provincial Marea Atlántica un importe trimestral de 4.350,00€ de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local

O grupo político provincial Marea Atlántica dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Presentouse a documentación xustificativa, achegada polo portavoz do Grupo, que foi obxecto de preceptivo informe da Intervención Provincial. O importe xustificado ascende a 1.751,87 € e para repoñer este importe existe crédito orzamentario na aplicación 0000/912.02/480 que ten por finalidade atender a asignación provincial proposta.

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Dar por xustificado o importe de 3.746,42 € a que ascende a documentación presentada por gastos xestionados no período comprendido entre o 23 de abril de 2018 ao 10 de outubro de 2018. En consecuencia o resumo da actividade realizada, acreditada e xustificada neste exercicio e ata o día 10 de outubro responde ao seguinte detalle:

0.-Importe anual		17.400,00
I.- Importe trimestral da asignación		4.350,00
II.-Importe total xustificado: 1ª xustificación		1.751,87
III.-Importe reposición por gastos xustificadas	1ª xustificación	1.751,87
	2ª xustificación	3.746,42
	Total xustificado:	5.498,29
IV.- Importe anticipado seguinte período		4.350,00
V.- Importe disponible= Total anual-Total xustificado		11.901,71

SEGUNDO.- Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 0000/912.02/480 e aprobar a asignación correspondente ao terceiro pago do 2018 (2ª xustificación) por un importe de 3.746,42 € a prol do Grupo político provincial MAREA ATLÁNTICA (NIF: V70462486) e ingresalo na súa conta na entidade financeira Caixa Rural Galega IBAN: ES41 3070 0044 5061 5488 9726.

TERCEIRO: O pago da asignación ten a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos esixen a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro dos dez primeiros días do mes de decembro do exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data.

CUARTO: A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

QUINTO: Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

OTROS DATOS

Código para validación: **07DPS-ZZAW6-YXIWC**Fecha de emisión: **18 de marzo de 2019 a las 14:25:28**

Página 1 de 1

FIRMAS

El documento ha sido firmado o aprobado por :

1.- Jefe/a Negociado Contabilidad Fra., Pptaria y Op. No presupuestarias de DEPUTACIÓN DA

CORUÑA.Aprobado 22/11/2018 14:38

2.- Jefe/a Servicio Contabilidad de DEPUTACIÓN DA CORUÑA.Firmado 22/11/2018 15:12

3.- Viceinterventor de DEPUTACIÓN DA CORUÑA.Firmado 22/11/2018 15:14

4.- Presidente de DEPUTACIÓN DA CORUÑA.Firmado 23/11/2018 10:11

ESTADO

FIRMADO**ADO**Clave operación **250**
Signo **0**CONTABILIDAD DEL
PRESUPUESTO DE GASTOS

PRESUPUESTO CORRIENTE**AUTORIZACIÓN, DISPOSICIÓN Y
RECONOCIMIENTO DE
OBLIGACIÓN.**Nº. Op.Anterior: **220180041145**
Nº. Expediente: **2018000000192**
Aplicaciones: **1**
Oficina
Ejercicio: **2018**Presupuesto **2018**

Nº Documento:

Orgánica	Programa	Económica:	Referencia	Importe EUROS	PGCP
0000	91202	480	22018008511	3.746,42	6501
Transf. a familias e instit. SFL- Grupos políticos prov.					

Aplicación no presupuestaria I.V.A.	Importe EUROS	PGCP

Importe Líquido	Importe EUROS
TRES MIL SETECIENTOS CUARENTA Y SEIS EUROS CON CUARENTA Y DOS CENTIMOS .	3.746,42

Importe Descuentos:	PGCP
Concepto Dto.:	
Interesado:	

Código de Gasto/Proyecto:

Interesado: **V70462486 GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAREA ATLANTICA**
Ordinal BancarioEndosatario:
Ordinal Bancario

Área origen del Gasto	Tipo de Pago	Forma de Pago	Nº de cheque

Caja o Banco Pagador
Ordinal

Texto libre

GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAREA ATLANTICA.- REPOSICIÓN ASIGNACIÓN BASE 64ª POR GASTOS PERIODO 23 /04/2018 AL 10/10/2018Nº. Operación: **220180042439**

Nº Caja:

Nº. Rel. Cont:

Sentado en Libro Diario de
Contabilidad Presupuestaria con
Fecha **22/11/2018**

OTROS DATOS

Código para validación: **23SE0-000ID-NC35Y**
 Fecha de emisión: **18 de marzo de 2019 a las 14:25:47**
 Página 1 de 1

FIRMAS

El documento ha sido firmado o aprobado por :

- 1.- Jefe/a Negociado Contabilidad Fra., Pptaria y Op. No presupuestarias de DEPUTACIÓN DA CORUÑA.Aprobado 22/11/2018 14:38
- 2.- Jefe/a Servicio Contabilidad de DEPUTACIÓN DA CORUÑA.Aprobado 22/11/2018 15:12
- 3.- Viceinterventor de DEPUTACIÓN DA CORUÑA.Firmado 22/11/2018 15:15
- 4.- Presidente de DEPUTACIÓN DA CORUÑA.Firmado 23/11/2018 10:11

ESTADO

FIRMADO**P**Clave operación **500**
Signo **0**CONTABILIDAD DEL
PRESUPUESTO DE GASTOS

PRESUPUESTO CORRIENTE**ORDENACIÓN DEL PAGO**

Nº. Op. Anterior:	220180042439
Nº. Expediente:	2018000000192
Aplicaciones:	1
Oficina	
Ejercicio:	2018

Presupuesto **2018**

Nº Documento:

Orgánica	Programa	Económica:	Referencia	Importe EUROS	PGCP
0000	91202	480	22018008511	3.746,42	6501
Transf. a familias e instit. SFL- Grupos políticos prov.					

Aplicación no presupuestaria I.V.A.	Importe EUROS	PGCP

Importe Líquido	Importe EUROS
TRES MIL SETECIENTOS CUARENTA Y SEIS EUROS CON CUARENTA Y DOS CENTIMOS .	3.746,42

Importe Descuentos:	PGCP
Concepto Dto.:	
Interesado:	

Código de Gasto/Proyecto:

Interesado: **V70462486 GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAREA ATLANTICA**
Ordinal BancarioEndosatario:
Ordinal Bancario

Área origen del Gasto	Tipo de Pago	Forma de Pago	Nº de cheque

Caja o Banco Pagador
Ordinal


Texto libre

GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAREA ATLANTICA.- REPOSICIÓN ASIGNACIÓN BASE 64ª POR GASTOS PERIODO 23 /04/2018 AL 10/10/2018Nº. Operación: **220180042441**

Nº Caja:

Nº. Rel. Cont:

Sentado en Libro Diario de
Contabilidad Presupuestaria con
Fecha **22/11/2018**



R

Clave operación **600**
Signo **0**

CONTABILIDADE DO
ORZAMENTO DE GASTOS

ORZAMENTO CORRENTE

**REALIZACION DEL PAGO
MATERIAL**

Nº. Op.Anterior: **220180042441**
Nº. Expediente: **2018000000192**
Aplicacións: **1**
Oficina
Ejercicio: **2018**

Orzamento 2018	Nº Documento:				
Orgánica 0000	Programa 91202	Económica: 480	Referencia 22018008511	Importe EUROS 3.746,42	PGCP 6501
Transf. a familias e instit. SFL- Grupos políticos prov.					
Aplicación non Orzamentaria I.V.E.				Importe EUROS	PGCP
Importe Líquido				Importe EUROS	
TRES MIL SETECIENTOS CUARENTA Y SEIS EUROS CON CUARENTA Y DOS CENTIMOS .				3.746,42	
Importe Descontos:					PGCP
Concepto Dto.:					
Interesado:					
Código de Gasto/Proxecto:					
Interesado: V70462486 GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAREA ATLANTICA					
Ordinal Bancario (Nº: 1) BCOESMM070 ES41 3070 0044 5061 5488 9726					
Endosatario:					
Ordinal Bancario					
Área orixe do Gasto		Tipo de Pago	01 Directo	Forma de Pago	03 Transferencia
				Nº de cheque	
Caixa ou Banco Pagador					
Ordinal 214 SANTANDER (PRESUPUESTOS)					
Texto libre					
GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAREA ATLANTICA.- REPOSICIÓN ASIGNACIÓN BASE 64ª POR GASTOS PERIODO 23 /04/2018 AL 10/10/2018					

Nº. Operación:	220180043156
Nº Caja:	20180017421
Nº. Rel. Cont:	

Sentado en Libro Diario de
Contabilidade Orzamentaria con
Data **26/11/2018**



Empresa de Estudos Sociais de Galicia SLU
B-70.070.453

R. Monte das Moas, 15 Ent. 2 (CP: 15009) A Coruña

FACTURA

Factura nº **FE18/30**

Data **10/12/2018**

Cliente:

Grupo Político Provincial Marea Atlántica

CIF: **V-70462486**

Dirección: **R. Juan Castro Mosquera, 26. 1º-D**

CP: **15.005 (A Coruña)**

Concepto:

Traballo demoscópico sobre a actividade institucional do grupo provincial da Marea Atlántica

Deseño e planificación dos traballos	650,00 €
Realización do traballo de campo	4.700,00€
Análise da información	1.600,00€
Redacción e presentación de informe de resultados	1.300,00€

Importe	8.250,00 €
IVE (21%)	1.732,50 €

IMPORTE TOTAL 9.982,50 €

46913194W
SERGIO
GOMEZ (R:
B70070453)

Firmado digitalmente por 46913194W
SERGIO GOMEZ (R: B70070453)
Nombre de reconocimiento (DN):
2.5.4.13=Reg:15021 /Hoja:C-39617 /
Tomo:3125 /Folio:156 /
Fecha:29/10/2009 /Inscripción:2º,
serialNumber=IDCES-46913194W,
givenName=SERGIO, sn=GOMEZ
RODRIGUEZ, cn=46913194W SERGIO
GOMEZ (R: B70070453), 2.5.4.97=VATES-
B70070453, o=EMPRESA DE ESTUDIOS
SOCIAIS DE GALICIA SL, c=ES
Fecha: 2018.12.12 09:59:22 +01'00'

Forma de pago: Transferencia bancaria

Banco Santander: ES33 0049 3948 4225 1420 2898

A Banca: ES54 2080 0099 3530 4001 2010



DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. Sergio Gómez Rodríguez, con DNI nº 46.913.194-W, natural de Sada (provincia da Coruña), maior de idade e domicilio en Perillo (Oleiros), provincia da Coruña, avenida de Rosalía Castro, nº 241, 4ºI, 1ª esc. con teléfono 680.117.197 actuando en nome de **Empresa de Estudios Sociais de Galicia, S.L.U.**, con CIF nº B-70.070.453 e domicilio na Coruña; R. Monte das Moas, 15 Ent. 4; á que representa como administrador único,

DECLARA:

1º. Que a empresa foi contratada polo Grupo Político Provincial de Marea Atlántica para a realización dun Estudo demoscópico sobre o traballo institucional de dito grupo.

2º. Que o traballo foi efectivamente realizado de acordo coas especificacións técnicas acordadas e que consistiu nas seguintes tarefas:

- Realización de 570 enquisas presenciais
- Análise estatístico descritivo dos datos cuantitativos
- Realización de informe e presentación de resultados.

3º. Que o prezo do traballo realizado é de 8.250,00€ + IVE (21%), o cal supón un total de 9.982,50 €. A factura relativa a estes traballos correspóndese coa serie e número FE18/30 con data do 10 de decembro de 2018 e foi presentada en tal data ao Grupo Político Provincial de Marea Atlántica.

A Coruña, 12 de decembro de 2018

46913194W
SERGIO
GOMEZ (R:
B70070453)

Firmado digitalmente por 46913194W
SERGIO GOMEZ (R: B70070453)
Nombre de reconocimiento (DN):
2.5.4.13=Reg:15021 /Hoja:C-39617 /
Tomo:3125 /Folio:156 /
Fecha:29/10/2009 /Inscripción:2º,
serialNumber=IDCES-46913194W,
givenName=SERGIO, sn=GOMEZ
RODRIGUEZ, cn=46913194W SERGIO
GOMEZ (R: B70070453), 2.5.4.97=VATES-
B70070453, o=EMPRESA DE ESTUDIOS
SOCIAIS DE GALICIA SL, c=ES
Fecha: 2018.12.12 09:54:55 +01'00'



CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIO

ESTUDIO TÉCNICO SOBRE A ACTIVIDADE INSTITUCIONAL DO GRUPO PROVINCIAL DE MAREA ATLÁNTICA

A Coruña, a 12 de novembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Daniel Díaz Grandío, con DNI 32.817.084-V como portavoz e responsable de contabilidade, actuando en representación do **Grupo Político Provincial de Marea Atlántica**, con CIF V-70.462.486 e domicilio en R. Juan Castro Mosquera, 26. 1º-D (CP: 15.005) da Coruña.

Doutra parte, Sergio Gómez Rodríguez, con DNI 46.913.194-W, en representación da entidade **EDESGA (Empresa de Estudos Sociais de Galicia, S.L.U.)**, con NIF B-70070453, con domicilio en Rúa Monte das Moas, nº 15, Ent.2, 15.009 A Coruña.

Ámbalas dúas partes actúan no exercicio das competencias que respectivamente teñen atribuídas e recoñecéndose mutua capacidade para este acto:

EXPOÑEN

- Que o Grupo Político Provincial de Marea Atlántica está interesado en realizar un estudo técnico sobre a súa actividade institucional, necesitando para tal efecto a contratación dunha empresa especializada en estudos de opinión.
- Que EDESGA é unha empresa que ten como obxecto “os servizos de realización de estudos de mercado, estudos de opinión, de hábitos de compra e outros servizos independentes de información e investigación comercial” segundo figura na súa escritura de constitución. Así mesmo, ten unha contrastada experiencia en diferentes estudos de opinión.
- Que a ditos efectos as partes acordan formalizar o presente contrato de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA:

O obxecto do presente contrato é a realización, por parte de EDESGA, dun estudo demoscópico sobre a iniciativa política e a actividade institucional do Grupo Provincial de Marea Atlántica, segundo as especificacións detalladas na proposta técnica presentada pola empresa.

O traballo a realizar consistirá, como mínimo, de:

- Deseño e planificación dos traballos (definición da mostra, cuestionario, etc.).
- Realización de 570 enquisas.
- Análise estatístico descritivo dos datos obtidos.
- Realización de informe e presentación de resultados.



SEGUNDA:

Estímase unha duración máxima duns dous (2) meses dende o comezo dos traballos previos ata a entrega do informe final de resultados. En todo caso, o informe de resultados deberá estar entregado antes da finalización do presente ano 2018.

TERCEIRA:

Que o prezo do contrato queda fixado en oito mil douscentos cincuenta euros (8.250,00€), aos que haberá que engadirilles o IVE correspondente do 21% e que serán aboados polo Grupo Provincial de Marea Atlántica previa presentación da factura.

Debido ás modificacións levadas a cabo no cuestionario e, polo tanto, no traballo analítico posterior, o prezo do contrato é inferior en 550,00€ ao referido na proposta técnica presentada, o cal supón un axuste á baixa do 6,3%. O prezo final é, pois, o que se inclúe no presente contrato.

CUARTA:

EDESGA obrígase ao cumprimento do establecido na LO 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e á normativa de desenvolvemento, con relación aos datos persoais aos que puidera ter acceso durante a realización do traballo.

EDESGA comprométese a:

- Observar e adoptar as medidas de seguridade necesarias para asegurar a confidencialidade e integridade dos datos aos que tivera acceso, evitando a súa alteración, divulgación, perda, tratamento ou acceso non autorizado aos mesmo.
- Non ceder a terceiros os datos aos que teña acceso agás nos supostos nos que sexa necesario para o cumprimento das obrigas do contrato.
- Finalizadas as prestacións obxecto do contrato, destruír ou devolver os datos de carácter persoal.

QUINTA:

Todos os dereitos da propiedade derivados do estudo de referencia, serán do Grupo Provincial de Marea Atlántica, que poderá facer o uso que estime axeitado.

Lido o presente documento e en proba de conformidade con el, asinan o mesmo por duplicado ámbalas dúas partes no lugar e data arriba indicados:

Grupo Provincial de Marea Atlántica
Daniel Díaz Grandio



EDESGA
Sergio Gómez Rodríguez

ENQUIA SOBRE O TRABALLO INSTITUCIONAL DO GRUPO PROVINCIAL DA MAREA ATLÁNTICA

Descrición técnica





FICHA TÉCNICA



DESCRIPCIÓN DO TRABALLO

Para analizar o traballo institucional e a iniciativa política desenvolvida polo grupo provincial da Marea Atlántica deseñouse un proxecto baseado nunha metodoloxía fundamentalmente cuantitativa que permite obter unha información variada, completa e comparable no tempo. Así, propúxose unha enquisa de alto alcance cunha maioría de preguntas de resposta pechada, se ben se incluíron preguntas abertas para ofrecer unha maior variedade de matices.


En concreto, o traballo consistiu en:

- **Realización de enquisa presencial** distribuída por sexo, idade e municipio de residencia (571 cuestionarios cun erro de mostraxe do 4,2%).

A intención de realizar este número de enquisas foi obter información válida e representativa dentro de cada municipio para observar as diferenzas entre eles pero sen incrementar de xeito substancial o tamaño da mostra.

En xeral, o cuestionario deseñado deu conta dunha serie de aspectos relevantes. Por exemplo:

- Percepción da situación política e económica municipal e provincial
- Acceso á información sobre o traballo desenvolvido polo Grupo Provincial da Marea Atlántica.
- Grao de coñecemento e valoración de políticas públicas levadas a cabo polo Grupo Provincial da Marea Atlántica.
- Valoración específica doutros aspectos de interese no seu concello a na provincia. Por exemplo:
 - Transporte
 - Sanidade
 - Educación
 - Infraestruturas
 - Servizos
 - Etc.
- Valoración das persoas que conforman o Grupo Provincial.
- Demandas e problemáticas percibidas.




UNIVERSO	Poboación residente nos concellos da Área Metropolitana da Coruña
ENQUISAS	571 enquisas válidas
ENTREVISTA	Entrevistas telefónicas asistidas por ordenador (sistema CATI)
MOSTRA	Mostraxe polietápica con afixación proporcional por concello de residencia, sexo e idade
ERRO DE MOSTRAXE	Marxe de erro do 4,2% cun nivel de confianza do 95% e no suposto de p=q

ACLARACIÓN METODOLÓXICA

Á hora de analizar de maneira conxunta as cifras de todos os concellos ponderáronse os datos de tal xeito que o resultante mantivese unha correspondencia fiel coa distribución do universo.

O número de cuestionarios realizados nos concellos de menor tamaño non é suficiente como para que os seus resultados individuais sexan fiables estatisticamente. De igual xeito, o erro que pode haber na desagregación municipal é moi superior ao que se dá no total da mostra. É dicir, os resultados son fiables no conxunto da mostra pero poden incorporar erros na desagregación municipal debido ao número de casos.

